

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 22 de abril de 2008 pola que se regula o protocolo do informe e avaliación previa para a prórroga e adquisición do carácter indefinido do profesorado colaborador nas universidades públicas de Galicia contratados con anterioridade á Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.*

A Comunidade Autónoma de Galicia estableceu o réxime de contratación da figura da profesora e profesor colaborador a través do artigo 6 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, réxime que foi completado polos artigos 9 e 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Estableceu-se así, de conformidade cos termos establecidos polo artigo 51 da Lei orgánica 6/2001, a necesidade da obtención do informe previo da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para poder ser contratado ou contratada como profesor ou profesora colaborador, polas universidades galegas.

Coa entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, déixase sen contido o artigo 51 que regulaba a figura do profesor colaborador, quedando como figura excepcional e pendente de desenvolvemento regulamentario a teor do disposto na disposición transitoria segunda. Por outra parte, a disposición adicional terceira da mesma Lei orgánica 4/2007 determina que os actuais profesores colaboradores que no momento da entrada en vigor desta lei estean contratados como profesores colaboradores consonte á antiga Lei orgánica 6/2001 poderán continuar no desempeño das súas funcións docentes e investigadoras.

En consecuencia e visto o informe da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), esta consellería, facendo uso das atribucións que lle están conferidas na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e en virtude da habilitación prevista na disposición derradeira segunda do citado Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG),

### DISPÓN:

#### CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

##### Artigo 1º.-*Ámbito regulador.*

Con esta orde establécese o procedemento que deberá seguir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) para a emisión do informe previo á prórroga dos contratos das profesoras e profesores colaboradores das universidades públicas de Galicia, así como para a emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido dos referidos contratos, de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e nos artigos 9 e 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, así como os criterios e bare-

mo de valoración que se terán en conta para realizar os informes e avaliacións a que se fai referencia.

##### Artigo 2º.-*Destinatarios.*

1. As persoas que estean contratadas por algunha das universidades públicas de Galicia como profesoras ou profesores colaboradores e se atopen no último ano do período inicial máximo de catro anos a que se refire o artigo 6.º do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, poderán solicitar a emisión do informe previo á prórroga do contrato de profesora ou profesor colaborador ante a ACSUG.

2. Así mesmo, as persoas que tivesen prorrogado o seu contrato como profesoras ou profesores colaboradores por algunha das universidades públicas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, poderán solicitar, en calquera momento, a emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesora ou profesor colaborador ante a ACSUG.

#### CAPÍTULO II

#### INFORMES E AVALIACIÓNS

##### Artigo 3º.-*Obxecto do informe e das avaliacións.*

1. A emisión do informe previo á prórroga do contrato de profesora ou profesor a que se refire o parágrafo primeiro do artigo 6.º do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e o artigo 9.º do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, farase valorando unicamente os méritos, alegados polo solicitante, correspondentes á actividade desenvolvida como profesora ou profesor colaborador.

2. A emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesora ou profesor colaborador a que se refire o parágrafo segundo do artigo 6.º do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e o artigo 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, farase valorando unicamente os méritos alegados polo solicitante correspondentes á actividade desenvolvida nos dous períodos previos como profesora ou profesor colaborador.

##### Artigo 4º.-*Órgano competente.*

A Comisión Galega de Informes, Avaliación e Certificación (CGIACA), creada polo Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, será o órgano encargado da emisión dos respectivos informes e avaliacións.

##### Artigo 5º.-*Solicitude de informes externos.*

De conformidade co disposto nos artigos 82 e 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a CGIACA poderá solicitar os informes que considere oportunos para realizar as súas propostas de avaliación ou informe a expertos do ámbito científico e académico que corresponda, en función da área ou áreas de coñecemento indicadas polo interesado na súa solicitude.

##### Artigo 6º.-*Efectos do informe e da avaliación.*

1. O informe ou avaliación que se emita non estará vinculado a ningunha área de coñecemento específica.

Os informes favorables ou as avaliacións positivas non teñen prazo de caducidade unha vez obtidos.

2. No caso de que o resultado do informe fose desfavorable ou a avaliación negativa, poderanse volver solicitar, unha vez transcorridos seis meses desde a notificación da correspondente resolución.

### CAPÍTULO III

#### CRITERIOS E BAREMO DE VALORACIÓN

##### Artigo 7º.-*Criterios de valoración das solicitudes.*

Para a emisión dos correspondentes informes e avaliacións, a CGIACA valorará os méritos individuais alegados polos solicitantes tendo en conta os criterios obxectivos de valoración establecidos no anexo I, valorando cada mérito que resulte procedente, en función da súa relevancia, coas puntuacións dentro dos rangos que figuran no baremo establecido no anexo II. Neste sentido terase en conta a rama e área de coñecemento indicadas na solicitude.

##### Artigo 8º.-*Resultado dos informes e das avaliacións.*

Para que os informes sexan favorables ou as avaliacións sexan positivas deberanse superar as puntuacións establecidas no anexo II para cada caso. No caso contrario o informe será desfavorable ou a avaliación negativa.

### CAPÍTULO IV

#### PROCEDEMENTO

##### Artigo 9º.-*Presentación das solicitudes.*

1. De conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, as solicitudes de avaliación ou informe dirixiránse ao presidente do Consello de Dirección da ACSUG e, sen prexuízo do establecido no punto 3 deste artigo, presentaranse no modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo III. As instancias poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os solicitantes, xunto co modelo normalizado de instancia, deberán presentar a seguinte documentación:

a) Copia do documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).

b) Currículo, asinado polo solicitante en todas as follas, en que se indiquen os méritos individuais que os interesados desexen facer constar, desenvolvidos unicamente durante o período ou períodos contratados como profesoras ou profesores colaboradores, que sexan obxecto de valoración.

O Currículo deberá contar coas seguintes epígrafes: datos persoais, actividade docente, formación e innovación para a docencia, investigación, xestión e outros méritos (neste epígrafe incluírase a experiencia profesional en ámbitos non-universitarios).

c) Xunto ao currículo presentarase, tamén asinada, a declaración que se publica como anexo IV, en que o solicitante declara a veracidade dos datos que figuran no seu currículo, así como dos documentos xustificativos que se lle xuntan, e se asumen as responsabilidades que puidesen derivar en caso contrario.

d) A ACSUG solicitará ás universidades do SUG a listaxe en que se certifique que os solicitantes cumpren os requisitos correspondentes establecidos no artigo segundo, para poder solicitar a emisión do informe ou avaliación.

3. O modelo de instancia (anexo III) deberase cubrir en formato dixital, na aplicación informática a que se poderá acceder na páxina web [www.acsug.es](http://www.acsug.es). Unha vez cuberto en formato dixital, imprimirase e asinarase debidamente. Feito isto, presentaranse ante a ACSUG do xeito que se establece no punto 1 deste artigo, xunto co resto de documentos que se relacionan no seu punto 2.

4. Achegarase unicamente unha copia dos documentos que se presenten.

##### Artigo 10º.-*Xustificación dos méritos curriculares.*

1. Os solicitantes deberán xustificar adecuadamente todos os méritos curriculares que aleguen.

2. De acordo co disposto no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no caso de que xa se solicitase a avaliación ou informe regulados nesta orde con anterioridade, non será necesario a presentación da documentación que xa se atope en poder da ACSUG. Neste caso indicárase esta circunstancia na solicitude, facendo referencia ao número de expediente correspondente ás avaliacións ou informes anteriores. En todo caso, os méritos curriculares obtidos con posterioridade á anterior solicitude de avaliación ou informe deberán ser xustificados.

##### Artigo 11º.-*Admisión a trámite, emenda e mellora da solicitude.*

1. A ACSUG comprobará que as solicitudes presentadas cumpren cos requisitos exixidos no punto primeiro do artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e coa demais normativa de aplicación. Así mesmo, comprobará que ás solicitudes se lles xuntan os documentos exixidos no artigo 9º desta orde.

2. No caso contrario, requirirase os interesados para que procedan á súa emenda de conformidade co disposto no artigo 71 da citada Lei 30/1992. De non facelo, considerarase que sesistoron da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos no citado artigo.

3. Admitidas a trámite as solicitudes, as correspondentes avaliacións e informes faranse de acordo cos xustificantes dos méritos que achegasen os interesados.

4. Sen prexuízo do disposto na epígrafe anterior, a ACSUG, por petición da CGIACA, poderá requirir dos solicitantes as aclaracións e concrecións que considere oportunas en relación cos méritos alegados nos seus currículos.

##### Artigo 12º.-*Emisión dos informes e das avaliacións.*

1. Unha vez valoradas as solicitudes, a CGIACA emitirá a correspondente proposta de informe ou avaliación. As propostas da CGIACA deberán estar motivadas e serán vinculantes para o Consello de Dirección da ACSUG, segundo dispón o artigo 13.2º do Decreto

270/2003, do 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

2. Os acordos do Consello de Dirección ditaranse de conformidade co establecido no artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e seralles notificados a cada solicitante nos termos previstos no artigo 59 da mesma lei, e no prazo máximo dos seis meses seguintes á presentación da solicitude.

#### Artigo 13º.-*Recurso.*

Os acordos do Consello de Dirección esgotan a vía administrativa, polo que de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992 poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### *Disposición adicional única*

Protección de datos de carácter persoal.-Os procedementos instruídos pola ACSUG nesta materia seguirán os preceptos da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, BOE nº 298, do 14 de decembro, polo que se pon en coñecemento dos interesados o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, que poderán exercer mediante escrito dirixido á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia-Lamas de Abade, s/n-C.I.F.P. Compostela, 5º andar, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

#### *Disposición derradeira única*

Entrada en vigor.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela 22 de abril de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### *ANEXO I*

##### **Criterios de valoración**

1. Actividade docente.
  - 1.1. Docencia.
    - 1.1.a. Docencia impartida (período de contratado colaborador).
    - 1.1.b. Dirección ou titorías de proxectos de fin de carreira, grao, másters, etc.
    - 1.1.c. Docencia en máis dun ciclo (se é doutor).
    - 1.1.d. Coordinación da docencia.
  - 1.2. Avaliación da actividade docente.
2. Formación e innovación para a docencia.
  - 2.1. Estadías en centros de formación docente (mobilidade).
  - 2.2. Participación en actividades de innovación docente.
    - 2.2.a. Proxectos de innovación docente.
    - 2.2.b. Proxectos ou plans de adaptación ao EEES.

2.2.c. Utilización de TICs na docencia (plataformas docentes, guías docentes virtuais, etc.).

2.3. Formación docente.

2.3.a. Cursos de especialización docente.

2.3.b. Cursos de formación docente.

2.4. Realización de material docente (libros, manuais, webs, etc.).

3. Investigación.

3.1. Publicacións en artigos.

3.2. Libros.

3.3. Participación en proxectos.

3.4. Participación en congresos de relevancia científica.

3.5. Lectura de tese de doutoramento.

4. Xestión.

4.1. Desempeño de cargos unipersoais.

5. Outros méritos.

5.1. Experiencia profesional e ámbitos non-universitarios.

5.2. Outros méritos.

#### *ANEXO II*

##### **Baremo de valoración**

A. Para o informe previo á prórroga do contrato de profesora ou profesor colaborador o baremo será o seguinte en cada un das epígrafes:

1. Actividade docente: un máximo de 50 puntos.
2. Formación e innovación para a docencia: un máximo de 20 puntos.
3. Investigación: un máximo de 20 puntos.
4. Xestión: un máximo de 5 puntos.
5. Outros méritos: un máximo de 5 puntos.

B. Para a avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesora ou profesor colaborador o baremo será o seguinte en cada un das epígrafes:

1. Actividade docente: un máximo de 65 puntos.
2. Formación didáctica e innovación para a docencia: un máximo de 35 puntos.
3. Investigación: un máximo de 40 puntos.
4. Xestión: un máximo de 5 puntos.
5. Outros méritos: un máximo de 5 puntos.

C. Para que o resultado final do informe previo á prórroga do contrato de profesora ou profesor colaborador sexa favorable, deberase obter unha puntuación total de 50 puntos e alcanzar, ademais, un mínimo de 30 puntos na epígrafe 1 de Actividade docente. No caso contrario o informe será desfavorable.

D. Para que o resultado final da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesora ou profesor colaborador sexa positivo, a puntuación total obtida deberá ser de 75 puntos e deberá alcanzar, ademais, un mínimo de 30 puntos na epígrafe 1 de Actividade docente, así como un mínimo de 5 puntos na epígrafe 2 de Formación didáctica e innovación para a docencia. No caso contrario a avaliación será negativa.

## ANEXO III

## SOLICITUDE DE AVALIACIÓN OU INFORME DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA A PRÓRROGA OU ADQUISICIÓN DO CARÁCTER INDEFINIDO DOS CONTRATOS DE PROFESORADO COLABORADOR

## 1. DATOS DO SOLICITANTE

1º Apelido	2º Apelido	Nome
DNI ou equivalente	Data nacemento	Sexo

## 2. ENDEREZO DO SOLICITANTE PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enderezo		
Código postal	Cidade	Provincia
Teléfono	Fax	Correo electrónico

## 3. UNIVERSIDADE E ÁREA DE COÑECEMENTO EN QUE ESTÁ CONTRATADO

Universidade.-	
Área.-	Código:

## 4. SOLICÍTASE: Marcar cun X

<input type="checkbox"/> Emisión do informe previo á prórroga do contrato de profesora ou profesor colaborador.	Data de inicio do contrato: Data de remate do contrato:
<input type="checkbox"/> Emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesora ou profesor colaborador.	Data de inicio da prórroga:

## 5. RAMA DE COÑECEMENTO. Sinalar unha.

<input type="checkbox"/> Artes e Humanidades	<input type="checkbox"/> Ciencias	<input type="checkbox"/> Ciencias da Saúde
<input type="checkbox"/> Ciencias Sociais e Xurídicas	<input type="checkbox"/> Enxeñaría e Arquitectura	

6. SOLICITUDE: que se incorporen os documentos que xa estean en poder da ACSUG. Cubrir no caso de que se solicitase con anterioridade a avaliación ou informe. (O currículo deberá en todo caso estar actualizado, e presentarse do xeito indicado nesta orde. Os méritos curriculares obtidos con posterioridade á anterior avaliación ou informe deberán ser xustificadas).

<input type="checkbox"/> Código do expediente da avaliación ou informe anterior:
--

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura do solicitante

## PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVESITARIO DE GALICIA

De acordo coa Lei orgánica de protección de datos, infórmase de que os seus datos persoais van ser incorporados a un ficheiro automatizado, o cal ten a finalidade de avaliar as persoas solicitantes da acreditación segundo as bases desta convocatoria. Ponse no seu coñecemento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais mediante escrito dirixido á AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA-Lamas de Abade, s/n-C.I.F.P. Compostela, 5º andar, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

- Marque cun X este cadro se desexa colaborar coa ACSUG en análises estatísticas e de medición da satisfacción.  
 Marque cun X este cadro se desexa que a ACSUG lle comunique a través do correo electrónico indicado a resolución provisional da valoración.

*ANEXO IV*  
Declaración de veracidade

Nome e apelidos:

DNI ou equivalente:

O abaixo asinante declara que son certos os datos que fai constar no currículo, así como toda a documentación xustificativa que se xunta á súa solicitude de avaliación ou informe para a prórroga ou adquisición do carácter indefinido do contrato de profesora o profesor colaborador, asumindo no caso contrario as responsabilidades que puidesen derivar das inexactitudes que consten nestes documentos.

Santiago de Compostela, de de 2008.

Sinatura:

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Corrección de erros.-Orde do 18 de abril de 2008 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas destinadas ao fomento en Galicia de sistemas de produción das razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos, e se convocan para o ano 2008.*

Advertidos erros na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 79, do 18 de abril de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 7.216, no artigo 3º, punto 5, da Orde do 18 de abril, onde di: «Unidade de traballo agrario: o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade agraria.»; debe dicir: «Unidade de traballo agrario (UTA): o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade agraria.».

En todo o texto da Orde do 18 de abril, onde di: «UTH»; debe dicir: «UTA».

Na páxina 7.218, no artigo 9º, punto 1, alínea g), da Orde do 18 de abril, onde di: «g) Explotacións en que, polo menos, o 50% dos reprodutores da explotación se atopan inscritos no libro xenealóxico correspondente das razas Rubia Galega, Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa, Ovella Galega, Cabra Galega, Cabalo Pura Raza Galega, Galiña de Mos, 2 puntos», debe dicir: «g) Explotacións en que, polo menos, o 50% dos reprodutores da explotación se atopan inscritos no libro xenealóxico correspondente das razas Rubia Galega, Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa, Ovella Galega, Cabra Galega, Cabalo Pura Raza Galega, Porco Celta, Galiña de Mos, 2 puntos».

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Orde do 23 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2008-2009, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións da poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O artigo 12.1º da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, define os parques naturais como aquelas áreas naturais pouco transformadas polas actividades humanas que, en razón da beleza dos seus sitios, da representatividade dos seus ecosistemas ou da singularidade da súa flora, fauna ou formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente. Esta lei prevé a posibilidade do establecemento dun réxime de axudas para a poboación residente no espazo natural protexido ou na súa área de influencia socioeconómica. Desta maneira, xunto coa creación dun instrumento xurídico regulador da conservación da natureza, posibilitouse a creación dun instrumento financeiro orientado ao fomento daquelas actividades ou accións que melloren e promociónen as zonas incluídas nos espazos naturais para o incremento da calidade de vida dos moradores. Así mesmo, a recentemente aprobada Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, vén reproducir de xeito case literal, no seu artigo 30.1º, a definición de parque natural. Asemade, no seu artigo 5 establécese como deber dos poderes públicos a promoción da participación e das actividades que contribúan a acadar os obxectivos citados neste texto legal, así como a promoción das medidas fiscais de incentivación das iniciativas privadas de conservación da natureza e de desincentivación daquelas con incidencia negativa sobre a conservación da biodiversidade e o uso sustentable do patrimonio natural.

Ademais, esta orde serve como instrumento útil para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 30.2º da Lei 9/2001, que establece que a Xunta de Galicia propiciará o desenvolvemento de actividades tradicionais e fomentará outras compatibles coa conservación do espazo de que se trate, co obxecto de contribuír ás melloras da calidade de vida dos seus habitantes e ao desenvolvemento sustentable das áreas de influencia socioeconómica.

Na actualidade, na Comunidade Autónoma de Galicia existen seis parques naturais declarados: Baixa Limia-Serra do Xurés, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Fragas do Eume, Monte Aloia, O Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra. A superficie total dos parques naturais declarados en Galicia abrangue unha extensión de 40.661,76 ha.

Todos os parques naturais contan cos seus plans de ordenación dos recursos naturais, constituíndo estes instrumentos un límite para calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física.